

**Máster Universitario en
Psicología do Traballo e as
Organización e Psicología
Xurídica-Forense**

**AUTOINFORME DE SEGUIMENTO
2022-2023**

**Máster Universitario en
Psicología do Traballo e as
Organización e Psicología
Xurídica-Forense**

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de Psicología do Traballo e as Organizacións • Especialidade de Psicología Xurídica-Forense
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Relacións Laborais
Centro/s onde se imparte	Facultade de Relacións Laborais
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2019
Data acreditación ex ante (verificación)	05/06/2019
Data renovación acreditación	Próxima renovación 15/10/2025

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título que se imparte na actualidade, *Máster en Psicología do Traballo e as Organizacións e Xurídico-Forense* foi implantado no curso 2019-2020, logo da experiencia acumulada dende o curso académico 2010-2011 no título antecesor, o *Máster en Psicología do Traballo e as Organizacións, Xurídico-Forense e da Intervención Social*, que se desenvolveu dende o curso académico 2010-2011 ata o 2018-2019, sendo sempre acompañado de indicadores altamente satisfactorios.

A reflexión que se fai sobre o título actual podemos resumila en que continúa a ter unha alta relevancia e interese, aínda que diferentes aspectos deberían ser actualizados. A continuación, explicamos os principais elementos que sosteñen esta reflexión:

a) Este máster non habilita para unha profesión regulada, pero si dota de competencias profesionais en dous eidos aplicados da psicología, do Traballo e as Organizacións e do Forense, dentro da Psicología Xurídica. Conta cun perfil formativo de carácter mixto (profesionalizante e investigador), que dá resposta a estes campos de especialización.

b) Despois de varias edicións, **o título mantén unha elevada demanda**, mantendo os datos de matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador 04; 24 alumnos no 2019-2020; 31 en 2020-2021; 24 en 2021-2022; 25 en 2022-2023). En tódalas edicións se esgotaron o número de prazas máximo (25 prazas ordinarias). Se nalgún curso a matrícula final quedou por debaixo (por exemplo, 2019/2020 ou 2021/2022) foi motivada pola baixa dun estudante por causa de forza maior. Por este motivo, a CAM aprobou solicitar para o curso 2022/2023 un número de prazas superior (pasar de 25 a 27; indicador 01) para poder anticiparse á posible baixa dalgún estudante unha vez iniciado o período docente.

c) En canto á **inserción laboral**, outro dos indicadores que avala o interese académico do título, o estudo de Inserción Laboral do SIIU (afiliación á Seguridade Social), que corresponde á cohorte de egresados en 2013-2014, a taxa de afiliación acadou un 42% un ano despois de rematar, e mesmo no grupo de cotización universitario (64.3%), e ascende 2 anos despois ata o 67.7%, cunha porcentaxe dun 76.2% no grupo de universitarios. Mais recentemente, o estudo da inserción laboral dos titulados en Mestrados no Sistema Universitario de Galicia, con enquisas realizadas entre febreiro e marzo do 2016, e publicado en 2019, sinala que o motivo principal que leva os titulados de máster ao cursaren e complementar a formación académica é para unha maior especialización no mercado de traballo (cun 64.3%). O segundo motivo en importancia é

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

complementar a formación académica para poder realizar o doutoramento e dedicarse á investigación, cun 25.4%. O carácter mixto do título, profesionalizante e investigador, daría resposta ás dúas principais motivacións que amosa o alumnado, no ámbito concreto dos contidos do mestrado.

d) Respecto ao **plan de estudos** es de destacar un aspecto relativo ao axuste da formación académica da especialidade de Psicología Xurídica e Forense e da distribución de materias optativas do título, que se explica de maneira mais detallada a continuación:

- Formación da especialidade de Psicología Xurídica e Forense. Aínda que a denominación da especialidade é Psicología Xurídica, unha análise das materias optativas da conta que maioritariamente dotan de coñecemento e competencias do ámbito forense, contando con unha única materia (*Intervención en psicología xurídica e forense, P3421210*) para abordar unha serie de contidos excesivamente amplos para os 6 créditos (victimoloxía, agresores, menores e maiores de idade, programación para a intervención e tratamento nestes eidos). Esta reflexión levou a plantexar unha actualización necesaria desta especialidade segundo os requisitos da disciplina e da profesión. A este respecto, a CAM valorou a necesidade de completar a formación da especialidade de Psicología Xurídica e, para dar resposta a evolución legislativa do ordenamento xurídico español e a proclamación de leis de natureza victimolóxica, acordou a revisión e incorporación de materias optativas vencelladas á victimoloxía, á protección da infancia e a adolescencia e ao deseño, planificación e implementación de programas de intervención psiquexurídica. Segundo se reflicte no autoinforme de seguimento 2021-2022, aprobado en CAM, Comisión de calidade e Ratificado en Xunta de Facultade o 29 de marzo de 2023, para a actualización do título, recolleuse completar a formación no ámbito da Psicología Xurídica. Neste sentido, o Auitoinforme de Seguimento do curso 2021-2022 recolle textualmente: “A CAM, logo da experiencia acumulada reflexionou sobre a necesidade de completar a formación da Psicología Xurídica mediante a incorporación de materias optativas vencelladas á victimoloxía, á protección dos NNA e ao deseño, planificación e implementación de programas de intervención psiquexurídica. A evolución legislativa do ordenamento xurídico español e a proclamación de leis de natureza victimolóxica demanda a intensificación de contidos relativos á Victimoloxía e a protección de NNA (Ley Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral de la libertad sexual, Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia; Ley 8/2021, de 2 de junio, por la que se reforma la legislación civil y procesal para el apoyo a las personas con discapacidad en el ejercicio de su capacidad jurídica; Ley 1/2021, de 24 de marzo, de medidas urgentes en materia de protección y asistencia a las víctimas de violencia de género). Por outra parte, o Informe de prospección e detección de necesidades formativas 2022 (Ministerio de Trabajo y Economía Social, Servicio Público de Empleo Estatal), en canto aos novos perfís profesionais que veñen dados polo desenvolvemento de novas tecnoloxías ou novas normativas, fai mención, entre outras, ao psicólogo ocupacional (especialidade Psicología do Traballo e as Organizacións), así como de Técnico en programas de prevención o de inserción (Perfil de Psicología Xurídica), de maneira que aconsellaría tamén a inclusión de contidos relativos aos programas de intervención.” (p. 4, Autoinforme de Seguimento 2021-2022).

A Comisión Académica, motivou a necesidade de modificación da optatividade na especialidade de Psicología Xurídica e Forense, así como da implementación das accións de mellora, na sesión celebrada o 10 de novembro de 2023, e aprobou a proposta de dúas materias optativas: “Victimoloxía Aplicada”, e “Deseño e Avaliación de Programas de Intervención”, así como o reaxuste de título e dos contidos na materia “Intervención en Psicología Xurídica e Forense”, que pasase a denominarse “Intervención Social e Comunitaria na Inadaptación Social”.

A continuación, preséntase un esquema-resumo das actuacións realizadas para dar trámite a solicitude:

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

<p>Orixe: Autoinforme de seguimento (2021-2022), aprobado pola Comisión Académica do Máster (data 29 de marzo de 2023) Comisión de Calidade e Ratificado en Xunta de Facultade de Relacións Laborais (29-03-2023).</p>	
<p>Comisión Académica do Máster (9-11-2023). Informe da Comisión de Calidade, Ratificación da Xunta de Facultade (17 de novembro de 2023).</p>	<p>Declaracións de intencións de modificacións non substanciais de titulacións (Convocatoria Anual de Tramitación de Titulacións aprobada en Consello de Goberno do 11 de outubro de 2023): modificación de ámbito de coñecemento e proposta de revisión e actualización de materias optativas.</p>
<p>Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa (19 de decembro de 2023). Consello de Goberno (27 de decembro de 2023).</p>	<p>Consello de Goberno da USC, aproba a modificación non substancial do título relativa ao ámbito de coñecemento, Ciencias del Comportamiento y Psicología (Artículo 8 RTOUSC, Anexo I RD 822/2021). Consello de Goberno da USC non aproba a incorporación de dúas novas materias optativas motivando que “ oferta total de materias optativas do título superaría a ratio de oferta prevista no <i>Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster universitario na USC</i>(*)</p>

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Hai que ter en conta que no curso 2019-2020, fundamentalmente en parte do segundo semestre (a partires do mes de marzo), viuse alterado na súa previsión polo establecemento do estado de alarma sanitaria derivado da COVID-19. Aínda así, tanto dende a coordinación do máster como dende o profesorado, tratouse de garantir ao máximo a calidade docente para que os estudantes fosen quen de adquirir as competencias profesionais previstas na titulación. Deste xeito, púxose en marcha por parte do profesorado unha atención individualizada aos estudantes, sempre tendo en conta a normativa vixente segundo o escenario aplicable á situación sanitaria, para respetar a adquisición das competencias previstas na MVT, e recuperando a presencialidade en canto a normativa o permitiu, e adquirindo a normalización total xa nos cursos seguintes. Tendo esta situación en mente, que implicou, fundamentalmente, aos cursos 2019-2020 e 2020-2021, podemos afirmar que o plan de estudos desenvolveuse conforme ao establecido na memoria de verificación do título.

Trátase dun título donde, ademais dos criterios xerais de acceso establecidos pola USC,

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/admision-matricula/admision-matricula-masteres>, tamén hai uns criterios específicos: a) Expediente académico (60%); b) Experiencia profesional (15%); c) Experiencia investigadora (15%); d) Coñecemento de inglés (5%); e) Outros méritos (5%). Os membros da CAM reúnense atendendo ao prazo establecido pola USC para levar a cabo esta selección. Estes criterios están obxetivados para entender cada un destes apartados. O expediente académico aplícase en función dunha preferencia de titulacions (multiplicando por 3 as titulacións de licenciados e graduados en Psicología e en Relacións Laborais; multiplícase por 2 Ciencias Empresariais, Educación Social, Traballo Social, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Xestión e Administración Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Criminoloxía, Dereito, Investigación e Técnicas de Mercado, Pedagogía, Psicopedagogía e Socioloxía; multiplícase por 1 o resto de titulacións de Ciencias Xurídicas e Sociais e titulacións de Ciencias da Saúde).

O estudante debe cursar 60 créditos. O plan de estudos do máster estrutúrase en dúas partes (ver táboa 1), unha primeira na que se deben cursar 24 créditos obrigatorios (que son comúns para as dúas especialidades) e unha segunda, de mínimo 24 créditos optativos que deberá cursar para cada especialidade (a elixir entre unha oferta total 30 créditos optativos para a especialidade de Psicología Xurídica e Forense e 42 para a especialidade de Psicología do Traballo e as Organizacións).

O alumnado pode cursar en dous anos as dúas especialidades, unicamente tendo que superar os créditos optativos de cada especialidade e presentando un Traballo fin de máster (TFM) para cada unha. No informe de seguimento do ano 2020 propúxose unha acción de mellora de cara a promover a obtención de ambas especialidades, derivando no curso 2021/2022 en resultados altamente positivos, pasando de 24 estudantes matriculados no curso 2019-2020 a 37 no curso 2020-2021, a 38 no curso 2021-2022 e a 32 no curso 2022-2023. Estes datos reflicten o interese do alumnado en obter as dúas especialidades.

Táboa 1. Estructura e oferta formativa do máster.

Materias Obligatorias	Materias optativas	
	Especialidade Psicología do Traballo e as Organizacións	Especialidade Psicología Xurídica e Forense
Comportamento organizacional e recursos humanos (P3421101) <i>Primeiro Semestre / 6 créditos</i>	Metodoloxía avanzada en investigación social (P3421201) <i>Anual / 6 créditos</i>	
Psicología criminal e penitenciaria (P3421102) <i>Primeiro Semestre / 6 créditos</i>	Auditoría de recursos humanos, relacións laborais e modelos de excelencia (P3421202) <i>Anual / 6 créditos</i>	Psicología xurídica e forense no ámbito penal (P3421212) <i>Primeiro semestre/6 créditos</i>
Métodos constructivos de resolución de conflitos (P3421103) <i>Primeiro Semestre / 6 créditos</i>	Avaliación de riscos psicosociais e saúde ocupacional (P3421205) <i>Primeiro semestre/6 créditos</i>	Psicología xurídica e forense en los ámbitos civil e social (3421213) <i>Primeiro semestre/3 créditos</i>
Métodos de meta-análise e outras técnicas de investigación aplicada (P3421104) <i>Primeiro Semestre/6 créditos</i>	Selección e avaliación de recursos humanos (P3421203) <i>Segundo semestre/6 créditos</i>	Intervención en psicología xurídica e forense (P3421210) <i>Segundo semestre/6 créditos</i>
Traballo fin de máster: Esp. Psicología do Traballo e as Organizacións (P3421105) (Obrigatoria da especialidade) 12 créditos	Formación e desenvolvemento de recursos humanos e xestión da diversidade nas relacións laborais (P3421204) <i>Segundo semestre/ 6 créditos</i>	Psicología xurídica e Forense do menor e da familia (P3421211) <i>Segundo semestre/6 créditos</i>

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

Traballo fin de máster: Esp. Psicología Xurídica-Forense (P3421106) (Obrigatoria da especialidade) 12 créditos	Prácticas externas de psicología do traballo, recursos humanos e relación laborais (P3421209) <i>Segundo semestre/6 créditos</i>	Prácticas externas xurídico - forenses (P3421214) <i>Segundo semestre/9 créditos</i>
	Análise e avaliación de postos (P3421206) <i>Segundo semestre/ 6 créditos</i>	
	Psicología Económica (P3421207) <i>Segundo semestre/3 créditos</i>	
	Psicología dos comportamentos contraproductivos e desviados no traballo (P3421208) <i>Segundo semestre/ 3 créditos</i>	

En canto ao tamaño dos grupos expositivos e interactivos axústanse á normativa PAA da USC, de igual xeito este tamaño dos grupos, tanto para a docencia interactiva como expositiva, resulta axeitado. A planificación da docencia permite afirmar que se dan as condicións establecidas na memoria de verificación do título, e que permite que os alumnos acaden as competencias vencelladas á titulación. O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, durante o curso 2022-2023 correspondeuse totalmente co establecido na memoria de verificación do título, permitindo que os estudantes acadaran as competencias previstas. Estas consideracións vense amparadas polos indicadores relativos aos resultados da aprendizaxe (ver táboa 6).

Para este título non están establecidos de xeito oficial complementos de formación, pero si que a través das accións xerais e específicas do Plan de Acción Titorial (PAT), que detallaremos mais adiante, se poñen en marcha *seminarios formativos* que complementan as competencias dos estudantes chegando a contidos necesarios, pero que quedan fóra das materias. Por exemplo, como acción xeral para estudantes de ambas especialidades podemos mencionar o seminario de *Busca avanzada en bases de datos científicas* (impartido cada curso polos técnicos da Biblioteca Concepción Arenal) de interese para o desenvolvemento do Traballo fin de máster ou, por exemplo, o seminario de *Introdución ao dereito* (impartido cada curso por un profesional de dereito), específico para os estudantes da especialidade de Psicología xurídica e forense.

Con respecto á participación do alumnado en mobilidade, en titulacións de 60 créditos, ponse de manifesto a dificultade de que os estudantes poidan realizar este tipo de accións por cursarse nunha única anualidade. Como xa se recolleu no autoinforme de seguimento de 2021-2022 (p. 7), a CAM ten reflexionado sobre “a *posibilidade de que os estudantes que cursen a dobre especialidade poidan iniciar accións de mobilidade no segundo ano, ao contar con un primeiro período sen docencia (de setembro ata decembro)*. Debería considerarse a este respecto o perfil de alumnado do máster, xa que posiblemente pola elevada especialización da formación que se imparte, conséntase unha importante demanda de estudantes de fóra de Galicia e mesmo extranxeiros. O mestrado ven amosando en tódalas edicións un efecto “chamada” para alumnado alleo á nosa comunidade autónoma e mesmo alleo ó país. No curso 2019-2020 hai un 37.5% de estudantes de fóra de Galicia (dos que un 25% son nacionais e un 12.5% son de Latinoamérica). No curso 2020-2021 ascenden a un 59.46% de estudantes de fóra da Comunidade Autónoma (dos que 16.22% foron de Latinoamérica e un 43.24% son nacionais). No curso 2021-2022, houbo un 55.26% de estudantes de fóra de Galicia. No curso 2022-2023, un 34.38% foron alumnos de fora de Galicia e un 6.25% foron estranxeiros. A accións de difusión de información pública, en coordinación coa oficina USC Internacional, podería contribuír a impulsar estas accións de divulgación do título fóra da Comunidade e fóra do país.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

*O máster contempla a existencia de diferentes **figuras clave** no rol de coordinadores que posibilitan o desenvolvemento do plan de estudos e a detección de elementos para a mellora. A continuación comentamos estas figuras:*

- **Coordinación do Plan de Acción Titorial (PAT).** O PAT do título (ver figura 1) conta con un coordinador xeral e un coordinador por especialidade. A interlocución destes coordinadores co coordinador do mestrado fai posible a detección de incidencias a nivel integral, dado que a acción titorial, ademais de levar a cabo accións colectivas, asume a abordaxe dos aspectos académicos, profesionais e persoais de cada un dos estudantes de xeito individual. Esta labor representa unha situación moi favorable para recoller e resolver incidencias (individuais e de grupo) e plantexar melloras.
- **Coordinación de especialidade.** O Máster conta con un profesor que asume a labor de coordinar os aspectos máis académicos e de planificación vinculados a cada especialidade.
- **Coordinador de prácticas externas.** En canto ás prácticas externas, esta titulación conta cunha materia de cada especialidade, Psicología Xurídica e Forense, e Psicología do Traballo e as Organizacións. A comisión académica valora positivamente que se habilítase no máster a figura dun **coordinador por cada materia de prácticas** externas, despois da experiencia adquirida nas primeiras promocións. Estes dous coordinadores das materias de prácticas, son profesores da súa respectiva especialidade que contan con alto coñecemento da mesma e con experiencia na interlocución cos titores profesionais. Os coordinadores veñen realizando esta labor de apoio e coordinación ao proceso dende o curso 2019-2020. O mestrado ten activada a posibilidade de que os estudantes poidan facer prácticas extracurriculares. Estes coordinadores de prácticas tamén asumen a coordinación das extracurriculares.
- **O representante de estudantes.** Cada especialidade do máster (Psicología do Traballo e as Organizacións e Psicología Xurídica e Forense) conta con un representante que forma parte da comisión académica. Estes representantes son elixidos por votación entre todo o alumnado ao principio de cada curso. Esta representación dos estudantes na CAM enténdese tamén como un mecanismo áxil de análise da coordinación intra e intermaterias.

*Cabe presentar neste apartado a estrutura e o funcionamento do **Plan de Acción Titorial** do máster. Os principais obxectivos nos que se enmarca o PAT son os seguintes:*


- a) Incrementar a satisfacción persoal do estudante e que leve un ensino acorde coas súas expectativas e preferencias.*
 - c) Incrementar as destrezas do estudante para optimizar o seu rendemento académico.*
 - d) Programar actividades que lle permitan ó estudante adquirir competencias transversais.*
 - e) Potenciar o desenvolvemento de actividades curriculares alternativas adaptadas ás preferencias e necesidades do estudante e que complementen a súa formación.*
 - f) Atender ás circunstancias persoais do estudante en canto á súa influencia no rendemento académico.*
- Como xa se comentou, hai un coordinador do PAT e un coordinador por especialidade (Psicología do Traballo*

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

e as Organizacións e Psicología Xurídica e Forense). Na **figura 1** detállase a estrutura do funcionamento do PAT. Desta maneira, o coordinador do PAT e o coordinador do máster terán un elevado grao de comunicación dado que deberá de estar informado sobre o desenvolvemento, accións, actividades previstas, etc.

Destacar que o Departamento de Ciencia Política e Socioloxía recoñeceu, por primeira vez para o curso 2022-2023, o esforzo docente realizado polas profesoras coordinadoras do PAT, en cadansúa especialidade, no cómputo de Horas no epígrafe de actividades de interés universitario (Recoñecemento de Actividades Docentes, Investigadoras e de Xestión como HDE).

Figura 1. Estructura xeral do PAT.



Dende o PAT lévanse a cabo actividades xerais que están dirixidas a todos os estudantes do máster e outras mais específicas de cada especialidade:

A) **Accións xerais.**

Son responsabilidade do coordinador xeral do PAT e caracterízanse por ser de interese para a totalidade dos estudantes do máster. Por exemplo, son acción xerais as seguintes: difusión e publicidade do máster, asesorar para a matriculación sobre o máster (con información relativa ao programa, requisitos de matriculación, plan de estudos, saídas profesionais,...), acollida e benvinda aos estudantes tanto grupal coma individualmente (entrevistas), orientación e tutoría aos estudantes con algún tipo de necesidade específica ou que sexan doutros países ou comunidades, identificar as necesidades do grupo e planificar a atención ás mesmas, distribución dos estudantes por especialidades e coordinar e planificar a atención ás mesmas, organización de actividades xerais que complementen a formación (competencias trasversais, preparación de curriculum, presentación a entrevistas de traballo, busca de emprego,...), orientación sobre posibilidades de mobilidade e intercambio de estudantes (bolsas,...), información sobre bolsas de traballo e prácticas en empresas, orientación xeral sobre o TFM, orientación e sensibilización aos estudantes na participación de congresos científicos, seminarios, xornadas ou cursos de formación complementaria.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

B) **Accións específicas de cada especialidade.**

Son responsabilidade dos coordinadores de especialidade do PAT. Estes coordinadores de especialidade desenvolven una serie de acometidos en materia de acción tutorial, relacionadas coas accións xerais, cuxo eido específico sexa a especialidade. Asemade levarán una orientación individualizada do alumno tanto en aspectos académicos coma en relación á inserción profesional. Concretamente, ofrecen atención especializada para orientalos, axudarlles a incrementar o rendemento académico e a ampliar o seu horizonte formativo e orientación para a inserción profesional, nun marco de confidencialidade e respecto da súa autonomía. Igualmente, se orienta aos estudantes que estén interesados na carreira científica. Neste sentido, o máster conta con un acceso directo a un Programa de Doutoramento (en Psicología do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario).

A avaliación do PAT lévase a cabo a través de indicadores de tipo cuantitativo a nivel académico (ratio alumnos aprobados/alumnos matriculados, taxas de resultados académicos, taxa de defensa de TFM) ou de satisfacción (táboa 2), que podemos valorar positivamente. Asemade faise una valoración cualitativa de resultados, a través de enquisas aos estudantes a través das que se recollen as accións e suxerencias de mellora da titulación ou de información dos titores responsables, que resulta positiva.

Táboa 2. Valoración do PAT.

2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
8.95	9.45	8.71	8.63

Nota= A valoración xeral é sobre 10.

En suma, a existencia e alta interlocución e a boa comunicación entre estas figuras clave no rol de coordinadores (do título, de especialidade, de especialidade no PAT, de prácticas) posibilita unha axeitada **coordinación horizontal e vertical** entre as diferentes materias de cada especialidade, evitando duplicidade de contidos e valorando a complementación da formación necesaria e non prevista no plan de estudos.

Dende a CAM, reflexionamos sobre **coordinación horizontal e vertical** entre as diferentes materias de cada especialidade, para evitar duplicidades de contidos e valorar no seu caso, a complementación da formación necesaria e non prevista no plan de estudos. Como xa se indicou no informe de auto seguimento 2021-2022 “Subliñar a reiterada solicitude dos estudantes da especialidade de Psicología xurídica e forense sobre a necesidade de completar a formación nestas áreas da Psicología para dar resposta axeitada as necesidades formativas da especialidade. As materias optativas existentes posibilitan o ensino-aprendizaxe transmitindo competencias de alta especialización no campo da Psicología Forense, pero non así noutros campos da Psicología xurídica. Este déficit formativo, ven sendo posto de manifesto dende anos anteriores e demandado polos estudantes mediante os cauces de representación na CAM (p. 10).

A información relativa ao PAT forma parte do material difusivo da USC Internacional: <https://www.youtube.com/watch?v=eHedXhlaLTo>

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Hai alta coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria de verificación do título e o perfil real do estudiantado matriculado. Informar que no curso 2022-2023, o 90% dos alumnos que son seleccionados proveñen do grao ou licenciatura de Psicología, tratándose polo tanto dun mestrado de referencia para este grao. Aínda que nos últimos cursos a CAM aprobou (ao ser un máster con criterios específicos) ampliar o acceso preferente a outras titulacións de referencia para as especialidades onde a formación en Psicología é moi completa (por exemplo, do *Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos*, para a especialidade de *Psicología do Traballo e as Organizacións* ou do *Grao en Criminoloxía*, para a especialidade de *Psicología Xurídica e Forense*).

Tamén se considera alta a nota de acceso ao título (ver táboa 3), sendo un 7.92 de media no curso 2022-2023 (non habendo ningún estudante cunha cualificación inferior a 6).

Taboa 3. Nota de acceso ao título.

2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
7.77	7.67	7.7	7.92

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No informe de seguimento do curso 2019-2020 incorporouse unha acción de mellora respecto ao establecemento de regulamentos internos do título relativos ao desenvolvemento do Traballo fin de Máster (TFM), das prácticas externas (de cada especialidade) e do Plan de acción titorial (PAT). Estes regulamentos están avanzados, pero aínda que non finalizados, polo que seguimos a incorporar accións vinculadas a este obxectivo nunha acción de mellora (AM_MPTOXF_2).

En espera de poder contar con estes regulamentos internos, estes aspectos do título regúlanse polas diferentes normativas relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe da universidade, que se poden consultar nas seccións de Estudantes e Calidade da Docencia e de Xestión Académica da web de Normativas da USC. <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/admision-matricula/admision-matricula-masteres> En canto ás prácticas externas, o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC, aprobado en Consello de Goberno, establece o réxime xurídico das prácticas, desde a conformación e control da oferta á aprobación de convenios con empresas e entidades, e a avaliación e recoñecemento das prácticas realizadas. En relación á aplicación das distintas normativas, a comisión académica destaca a contribución ao bo funcionamento do título da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, da USC, que garante as condicións básicas do proceso de avaliación de resultados da aprendizaxe.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información mais relevante do mestrado faise pública de maneira completa, accesible e actualizada. Así, dende a web institucional publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. De igual maneira se entende que a información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título, garantíndose un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Dende a coordinación do máster, en colaboración cos servizos da USC, elaborouse material de difusión, con vídeos, e presentacións nun formato institucional, con presentación de información sobre a titulación. Este vídeo foi publicado polo Canal de Youtube USC Internacional:

<https://www.youtube.com/watch?v=eHedXhlaLTo>

No que respecta ao resultado das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese sobre as cuestións relacionadas coa información e transparencia, o Informe 6 sobre a satisfacción do alumnado coas prácticas externas reporta para o ítem “A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.)” unha puntuación media de 4. O informe 7, sobre a satisfacción dos titores profesionais de prácticas externas, reporta que para o ítem “A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada?” a puntuación media outorgada foi de 4.25. Pola súa parte, o informe 8 sobre a satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas non inclúe ningún ítem referido á transparencia ou información dos procedementos relacionados coas prácticas. Aínda así, a satisfacción media global dos titores académicos coas prácticas externas foi de 4.81; un dato moi elevado.

A satisfacción do alumnado coa información dispoñible da titulación (informe 22) resultou obter unha puntuación media de 2.67, a satisfacción coa atención prestada polo persoal de administración e servizos obtivo unha puntuación media de 4.33 e a orientación profesional e laboral recibida no centro, de 3. No caso do profesorado, segundo o informe 23 de satisfacción coa titulación, a satisfacción media coa información sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias) é de 5 puntos. A mesma puntuación obtivo o ítem da satisfacción coa atención prestada polo persoal de administración e servizos.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregarlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGIC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora. Na páxina web da Facultade de Relacións Laborais existe un apartado específico de calidade onde se centraliza a información pública asociada a este sistema: <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-relaciones-laborales/calidad>

Existe un procedemento para presentar queixas e reclamacións que se desenvolve de xeito áxil e transparente segundo o establecido na normativa da USC. No relativo a este título, rexistrouse un recurso dunha estudante que cursara o título anterior (Máster de Psicología do Traballo, Xurídico Forense e de Intervención social) no itinerario de Psicología Xurídica e Forense, que solicitaba a anulación da matrícula na materia optativa do segundo semestre, en concreto *P3421210-Intervención en psicología xurídica e forense*, alegando tela cursada no anterior título. Este recurso foi admitido por figurar esta materia no cadro de validacións (do título anterior e o actual).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise dos resultados do título e a toma de decisións para a mellora levanse a cabo de modo sistemático, segundo o explicitado no Manual do SGIC, pola Comisión do Título, que anualmente analiza devanditos resultados e elabora un informe de seguimento e propostas de accións de mellora; ambos son sometidos á Comisión de Calidade do Centro que os revisa e, no seu caso, realiza suxestións, e son aprobados, finalmente, pola Xunta de Facultade. Como colofón do proceso, os informes de seguimento son elevados anualmente á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), incorpóranse á Memoria de Calidade Anual da Facultade e son tidos en conta para a actualización da Programación Plurianual do Centro. No seguimento anual analízanse, ademais do desenvolvemento e os resultados do título, a execución

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

e eficacia das accións de mellora propostas no exercicio anterior e, no seu caso, as recomendacións derivadas dos procesos de avaliación externos (verificación, seguimento, renovación da acreditación).

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:


- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Relacións Laborais é o que rixe para o título que estamos avaliando, e que detallamos graficamente na figura 2. A revisión dos procesos e procedementos del SGC lévase a cabo mediante un traballo cooperativo dos representantes de todos os grupos de interese externos á institución (círculo exterior do diagrama) e pertencentes a ela (círculo intermedio). Son as comisións representadas no círculo interior as que a través do seu desempeño e no seu caso dos informes respectivos alimentan a Comisión de Calidade (representada na figura central). Esta cataliza a actividade dos elementos anteriormente referidos, elaborando e aprobando as propostas de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGC. O funcionamento da estrutura detallada no diagrama e a que garante a través da continuada planificación e avaliación desa mesma estrutura do proceso e dos resultados, a consolidación dunha cultura de calidade xa asumida pola Facultade. Neste esquema, apreciase a vinculación da Comisión Académica do Máster coa comisión de calidade, a través da pertenza á mesma do coordinador do máster.

Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organización e Psicoloxía Xurídica-Forense

Figura 2. Dinámica da xestión do SGC da Facultade de Relacións Laborais (USC) (Esquema tomado do Autoinforme de seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC 2022/2023, p.30).



Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende a Comisión Académica queremos subliñar a elevada cualificación do profesorado que imparte esta titulación, tanto pola súa experiencia investigadora como docente. O 93.33% son doutores (indicador 25) e o 60% é funcionario de carreira (indicador 26), que segundo o POD 2022-2023, imparte aproximadamente o 85% da horas de docencia. Ademais, conta cunha elevada cualificación investigadora (o 100% do profesorado doutor conta con algún sexenio). Destácase en relación a este apartado de recursos humanos relativos a profesorado que os profesores do máster teñen una sobrecarga de docencia nos seus PODs, que veñen arrastrando dende cursos atrás.

Pese a esta situación de sobrecarga, a experiencia coa docencia impartida polos profesores de ambas especialidades é moi positiva (M = 4.82). Tamén cabe salienta (táboa 4) a *satisfacción dos estudantes coa docencia recibida* (M = 3.92) (Media do título nos cursos 2019-2020; 2020-2021; 2021-2022 = 4.34; Taxa de participación = 36.36%).

Táboa 4. Indicadores de satisfacción.

Indicadores	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Profesorado	5	4.75	4.69	4.82
Alumnado	4.60	4.55	3.92	3.40
Egresados	-	3.26	3.55	4.45

A titulación conta coa figura de coordinador/a de traballo de fin de máster, e coordinador/a de prácticas externas nas dúas especialidades do máster. Deste xeito, optimízase o proceso de asignación do profesorado experto da especialidade do máster, cunha maior coordinación interna e axuste ás demandas do alumnado.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

No que respecta a mobilidade do PDI da titulación de MPTOXF, os datos do informe I10 indican que non houbo mobilidade entre o profesorado docente investigador para o curso 2022-2023. Unha das posibles causas deste dato, como xa se mencionou, é a sobrecarga de traballo docente e investigador do cadro docente do máster.

En canto as oportunidades de actualización da formación do profesorado, debido a carga de traballo docente e investigador o profesorado diminuíu a súa participación en cursos de formación docente. Non obstante, dende o centro tense constancia de que neste curso académico (curso 2023-2024) parte do profesorado do MPTOXF participou en varios cursos formativos, información que se verá reflexada nos indicadores pertinentes do informe de seguimento do próximo curso académico.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de administración e servizos que dá apoio directo ao máster na Facultade de Relacións Laborais está composto por dúas persoas que ocupan os postos de secretaria de Decanato e de Responsable da Unidade de Xestión de Centro e de Departamento. En ambos casos, as ocupantes son funcionarias de carreira e son as encargadas da xestión administrativa da Facultade na que, ademais do máster, se imparte un Grao e un Dobre Grao, un máster adicional e un programa de doutoramento, é dicir, dunha Facultade que conta con máis de 600 alumnos. A dotación de persoal de administración e servizos resulta manifestamente insuficiente para das demandas administrativas existentes. Non obstante, o centro non dispón da competencia para incorporar a novo persoal. Nese sentido, xa se transmitiu aos organismo competentes da universidade a importancia de dotar ao centro de máis persoal de administración e servizos.

Os resultados da enquisa de satisfacción do persoal PAS (Informe 21) informan que a valoración media é de 4.86 (sobre 5). O PAS do centro mostra inquietude e interese pola formación, indicando os datos que a xestora do centro participou en varias formacións (Creación e edición de arquivos dixitais en Acrobat XI Pro; Xestión de Recursos Humanos na Universidade; Boas practicas no uso da enerxía; Mellora da calidade na produción de normativa da USC).

A USC conta con outros apoios ao alumnado a nivel centralizado como son: o Servizo de Xestión Académica, na que se integra en cada un dos campus, as Unidades de Xestión Académica que dependen do citado servizo, a Oficina de Información Universitaria (OIU), a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), o Servizo de Orientación Laboral e Emprego, o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, que integra o Servizo Universitario de Residencias, Becas e Axudas, Servizo de Relacións Exteriores, o centro de Linguas Modernas (CLM), entre outros.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título impártese, como xa se comentou, na Facultade de Relacións Laborais que ocupa unha superficie de 4500m² dun edificio situado no Campus Vida, que comparte coa facultade de Ciencia Política e Socioloxía. Ambas facultades fan uso de espazos e servizos comúns coma a conserxería, o despacho de asuntos económicos, o almacén, os salóns de graos e de actos, e os puntos de lectura con conexións eléctricas existentes en diferentes espazos na planta baixa do edificio. Na planta baixa tamén se encontran os despachos vencellados ao Decanato e á Respomsa Xestora académica.

O título nas dúas especializadas (Psicología do Traballo e as Organizacións e Psicología Xurídica e Forense) impártese fundamentalmente en tres aulas (Aula 7, Aula 4, Aula 11) cuxo acondicionamento se detalla na táboa 5.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

Táboa 5. *Detalle do equipamento das aulas do título.*

Aula	Capacidade (Nº postos)	Superficie (m ²)	Proxector + Ordenador	Equipo de son micrófono inalámbrico	Conexión á rede LAN +WIFI
4	25	50	SI	NO	SI
7	40	65	SI	NO	SI
11	25	48	SI	SI	SI

Na planta baixa, concretamente no hall de entrada da facultade, os estudantes dispoñen de máquinas expendedoras de bebidas e alimentos. No mesmo lugar, hai unha área de taquillas habilitada para que o alumnado poida gardar as súas pertenzas. En total, hai 40 taquillas dispoñibles. Tamén existe unha máquina de reprografía que proporciona, mediante o uso da tarxeta TUI, autoservicio de impresión de documentos dende calquera ordenador. Tamén permite fotocopiar e escanear documentación.

A biblioteca de referencia para o centro é a Biblioteca Concepción Arenal, que se comparte coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Facultade de Dereito. A biblioteca está localizada nun edificio propio, ao lado da Facultade de Dereito, a 200 metros (3 minutos camiñando) da Facultade de Relacións Laborais. A biblioteca Concepción Arenal forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento de Ciencias Xurídicas e Sociais. Conta con rede wifi en todas as súas instalacións e ocupa unha superficie de 7410 m², distribuídos en seis plantas. Dispón de área de estudo con 976 postos de lectura, con 3 aulas de formación de distinta capacidade, 5 salas de traballo en grupo, e área de investigación dotada de 73 postos. De forma específica, na planta 1 está a Oficina de Información e Servizos a onde pode acudir calquera persoa interesada na procura de recursos ou que precise o asesoramento no uso dos servizos da biblioteca (competencias en información, metodoloxía de busca en bases de datos, préstamo interbibliotecario, obtención de documentos, repositorio de la USC, etc.). Na planta 2 está a Oficina de Proceso Técnico que conta con 4 postos de uso prioritario para a etapa investigadora, incluída a etapa de realización do TFM. Repartidos entre as distintas áreas da biblioteca existen terminais para o acceso ao catálogo automatizado (Capel), lectores de microformas e ordenadores con acceso a internet e as bases de datos. As coleccións están en libre acceso e comprenden mais de 190.000 volumes de monografías e case 5000 títulos de revistas (4.782 cerradas e 200 en curso). Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de apoio a docencia, situados nos pisos inferiores da Sala de Lectura e libros de investigación, nos pisos 1º e 2º. Na páxina web da biblioteca, <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>, ofertase amplía información sobre a BUSC e tense acceso ao catálogo automatizado, coleccións dixitais e outros servizos vía web. A biblioteca conta con un horario de apertura amplo, de luns a venres de 8:30 a 21:30 horas. Extraordinariamente, durante os períodos de exames este horario ampliase ata as 22:00 horas.

O PAT convenia cada curso académico cos técnicos da biblioteca un seminario especializado para os estudantes do máster sobre búsqueda especializada en bases de datos que os estudantes aplican aos seus temas de TFM.

Os alumnos do máster contan con un servizo mais amplo de reprografía, edición e impresión dixital situado a 220 metros de la facultade (Casa Gradín, Praza do Seminario de Estudos Galegos, s/n), con horario de 8:30h a 19:30h de luns a venres.

No que respecta a prevención e seguridade, a facultade de Relacións Laborais na que se imparte o máster, cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais correspondente e trata de mellorar continuamente o nivel de universalidade e accesibilidade ao centro e servizos a persoas de tódolos grupos de interese. O centro facilita o acceso e a mobilidade a aquelas persoas que así o precisan. Por exemplo, conta con ascensor, os accesos están dotados das ramplas correspondentes, as portas de acceso á facultade son de

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

apertura e peche automático, os baños están adaptados ao acceso de persoas con mobilidade reducida e cóntase cos equipos de emerxencia necesarios (extintores e desfibrilador). Xestionado a través dun Servizo de Prevención Propio, a Facultade conta cun Plan de Autoprotección/Emerxencia dotado de medios humanos que están identificados e publicitados na primeira planta do centro. Neste documento aparecen os compoñentes dos distintos equipos, con nome e apelidos e a extensión telefónica de contacto. Os integrantes do mesmo son o xefe de emerxencia, o xefe de intervención, o equipo de primeira intervención, o equipo de alarma e evacuación, o equipo de primeiros auxilios e o equipo de alerta; todos eles formados por persoal PDI e PAS. Ademais, a USC conta co Servizo de Vixilancia da Saúde que elabora campañas informativas e de sensibilización en materia de prevención de riscos laborais, realiza os recoñecementos médicos do persoal PDI e PAS, así como o seguimento e control con probas analíticas precisas. Atende, ademais, consultas por enfermidade común, así como consultas urxentes dos traballadores da USC, ademais de prestar primeiros auxilios.

En relación ao servizo de atención ao estudante, dende a facultade de Relacións Laborais faise un especial esforzo para manter a calidade dos servizos de orientación e de actualización da información prestada ao estudantado do máster. No que respecta á orientación académica, tanto o persoal PDI como o PAS trata de proporcionar a mellor información e apoio ás dúbidas e necesidades do alumnado. Isto vese reflectido nos resultados proporcionados polo informe 22 sobre a satisfacción do alumnado coa titulación. Entre as cuestións analizadas está o nivel de satisfacción co ítem “A valoración dos trámites de matriculación”, que obtivo unha puntuación media de case 4 (3.67), co ítem “A atención prestada polo persoal de administración e servizos” cunha puntuación media de 4.33, o ítem “A orientación profesional e laboral recibida no teu centro” cunha puntuación de 3 e o ítem referido á “Información dispoñible sobre a túa titulación”, unha media de 2.67. Ademais, a Facultade de RRL conta cunhas canles de comunicación e información para os distintos colectivos, entre os que se atopa o alumnado deste máster. Co obxectivo de que estes reciban información obxectiva, suficiente e actualizada sobre aspectos de interese, o centro traballa de maneira activa coa páxina web oficial da Facultade de Relacións Laborais da USC, <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-relaciones-laborales>, e coa páxina web do MPTOXF, <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-psicologia-organizaciones-psicologia-juridica-forense>. A páxina web da Facultade ofrece, ademais, información de interese para os distintos colectivos como é a documentación referida á MVT, os Informes de Seguimento ou as Memorias de Calidade (plans de mellora incluídos). Na intranet da Facultade (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-relacions-laborais>) o centro publica información como documentación relacionada coa realización do TFM ou das prácticas externas en empresas. Deste xeito, o alumnado pode consultar a través desta canle documentos como convocatorias, instrucións, resolucións, modelos de solicitude, calendarios u normativas a aplicar.

Por último, no relativo a satisfacción co recursos materias e servizos, o informe 21 sobre a satisfacción do persoal de apoio e servizos sinala unha elevada satisfacción coas características físicas do seu lugar de traballo. Así, as puntuacións medias dadas aos ítems “O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso”, “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc.)”, “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” e “Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)” foron de 5, 5, 4, e 5, respectivamente.

No caso do alumnado que realizou prácticas externas, o informe 6 reporta unha satisfacción media coas instalacións e os medios materiais cos que contaron na empresa/institución de 5 puntos.

Os datos de satisfacción do alumnado coa titulación (informe 23) proporcionan niveis de satisfacción máis reducidos no caso dos ítems relacionados cos recursos materiais e servizos. Así, o ítem “ Os recursos educativos dispoñibles son axeitados” obtivo unha puntuación media de 2.67 e o ítem “As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados” de 2.33. É importante sinalar, non obstante, que a taxa de participación nesta enquisa é moi baixa, polo que os resultados non son xeneralizables nin representativos. Estes datos contrastan, ademais, coa satisfacción reportada polo persoal PDI na enquisa de satisfacción coa

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

titulación (informe 22). Así, este colectivo puntuou cunhas puntuacións medias de 4.86 e 4.71, respectivamente, os ítems “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados” e “As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente”. Neste caso, a taxa de participación é moito máis representativa (máis do 45% do PDI).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos. Neste sentido, dos indicadores e evidencias dispoñibles, tales como as listaxes de cualificacións, dedúcese que superan todas as materias máis do 90% dos alumnos. Segundo o informe de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, a porcentaxe de alumnos que acadan unha cualificación de notable ou sobresaínte é elevada. Ademais, os estudantes optan pola primeira convocatoria, de maneira que os non presentados son practicamente residuais en todas as materias. Así, o alumnado de modo habitual supera as materias nas que se matricula nalgunha das dúas convocatorias oficiais que hai por cada curso académico. O único suspenso que houbo no curso académico 2022-2023 é algo extraordinario e no caso deste alumno mostrou xa dificultades no seu rendemento para seguir o curso académico.

As taxas de rendemento da titulación son satisfactorias en tódolos cursos avaliados (Táboa 6). Concretamente, para o curso 2022/2023 obtivéronse os seguintes datos: Taxa de rendemento = 94.64%; Taxa de éxito = 99.62%; Taxa de avaliación = 95%; Taxa de graduación = 91.67%; Taxa de éxito dos egresados = 99.59%; Taxa de eficiencia = 96.46%; e Taxa de abandono = 8.33%. Estes indicadores van na mesma liña que se ven observando en cursos anteriores (Táboa 6) e dan conta da boa adquisición das competencias dos estudantes. Así mesmo, os valores obtidos nas taxas de rendemento, taxa de graduación, taxa de eficiencia e taxa de abandono compren cos obxectivos dispostos na memoria da titulación situándose por debaixo dos valores fixados na mesma en todos os casos.

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

Cabe indicar respecto a taxa de abandono que, aínda que aumentou lixeiramente, segue estando por debaixo do límite que se recolle na memoria da titulación. Polo que se considera que, no momento actual, non require unha acción específica. Non obstante, prestarase atención a evolución do dato por se fose unha tendencia continuada nos próximos cursos académicos.

Táboa 6. *Indicadores de resultados da aprendizaxe.*

Indicadores	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Taxa rendemento	98.32	96.77	92.38	94.64
Taxa de éxito	100	100	99.64	99.62
Taxa de avaliación	98.32	96.77	92.71	95
Taxa de graduación	-	91.30	96.77	91.67
Taxa de éxito dos egresados	100	100	98.71	99.59
Taxa de eficiencia	100	98.82	96.09	96.46
Taxa de abandono	-	0.0	3.23	8.33

Nota: os datos dos indicadores preséntanse en porcentaxes (%)

Con mención expresa aos **Traballos Fin de Máster** (E_24) cabe sinalar que as circunstancias especiais dos cursos 2019-2020 e 2020-2021, debido a COVID-19 implicaron que houbera estudantes que non presentaran o TFM, xerando unha bolsa que se foi acumulando nos cursos seguintes (Táboa 7). Aínda así, se considera que o título conta con unha boa taxa de graduación. No curso 2022-2023 presentáronse 26 TFM. As avaliacións do TFM para os estudantes que o presentaron parecen concordar cos resultados obtidos polos estudantes noutras materias. Desta maneira se considera altamente positiva a cualificación media nos TFM, como garante dunha boa adquisición de competencias (Táboa 7), situando a cualificación media no curso académico 2022-2023 en 8.79.

Táboa 7. *Indicadores de Traballos Fin de Máster.*

Indicadores	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Matricula global	24	37	38	32
Número de TFM presentados	20	32	28	26
Cualificación media TFM	9.28	8.35	8.71	8.79
Rango de Cualificacions TFM [Inferior-Superior]	[5-10]	[5.7-10]	[7-9.8]	[5.60-10]

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.


Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A comisión académica (CAM) valora positivamente a demanda da titulación, que se mantén ao longo das distintas edicións. Para o curso 2020-2021 a demanda triplicou á oferta de prazas, sendo, ademais, titulación de primeira opción. Así, ofertáronse 25 prazas, que acadaron unha taxa de ocupación do 124% (solicitando ao servizo de matricula un incremento de cara a corrixir o acontecido en cursos anteriores de que algún estudante se dera de baixa por circunstancias sobrevidas). Na mesma dirección aconteceu no curso 2021-2022, onde se tivo unha demanda de 124 solicitudes (para 25 prazas). Finalmente, no curso 2022-2023 a demanda foi de 6.7 veces superior á oferta de prazas, 168 solicitudes, converténdose dos primeiros títulos de máster da USC con maior demanda. No gráfico 1 pódese observar a tendencia de solicitudes ao máster dos 4 derradeiros anos.

Gráfico 1. Solicitudes de ingreso no máster.



En canto aos indicadores de resultados, como se reflectiu no punto anterior as taxas de avaliación (95%), éxito (99.62%) ou rendemento (94.64%), presentan un resultado satisfactorio, en liña coa previsión realizada na MVT. Os indicadores permiten concluír que o título evoluciona favorablemente, incluso superando as previsións recollidas na MVT.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos índices de satisfacción cos distintos grupos de interese (profesorado, persoal de apoio, e estudantes) os datos dispoñibles revelan avaliacións concordantes. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida en todas as series, aínda que diminuíu nos derradeiros cursos, segue a ser axeitada.

Contamos neste curso 2022-2023 con datos de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (indicador 19), sendo unha puntuación altamente satisfactoria (M = 4.44), na mesma liña que a satisfacción dos titores profesionais (indicador 20) coas prácticas externas (M = 4.31). A valoración das prácticas externas neste máster poderíase contextualizar no informe dos másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013, publicado en 2019, que amosa que o 55.1% dos titulados cursaron prácticas externas e tres cuartas partes deles consideran o seu desenvolvemento como bo ou moi bo.

Táboa 8. Satisfacción coas practicas externas.

Indicadores	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Estudantes	-	4.41	4.56	4.44
Titores profesionais	-	4.33	5	4.31

Nota: Cualificación sobre 5

O dato da satisfacción global do profesorado coa docencia impartida tamén resulta moi salientable (M = 4.82). En xeral, valórase a concordancia nos resultados obtidos, pero tamén se fai reflexión sobre a necesidade de mellorar a participación nas enquisas por parte de tódolos colectivos implicados, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi do 25% no curso 2019-2020, un 34.29% no 2020-2021, no 2021-2022 acadou un 36.36%, e cae aínda mais no curso 2022-2023 con unha taxa de participación do 10.71%. Co obxecto de que o alumnado de máster participe en maior medida na realización das enquisas de satisfacción coa docencia recibida, inclúese neste informe unha acción de mellora que tratará de acadar no curso académico 2024-2025 un mínimo dun 60% de participación (ver MPTOXF-AM2).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste punto reiteramos o sinalado no informe de seguimento de cursos anteriores, dado que non contamos con datos actualizados de inserción laboral. Así, segundo o Estudo de Inserción Laboral do SIIU (Fonte: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU, Ministerio de Educación), que corresponde ó cohorte de egresados en 2013-2014, a taxa de afiliación dos egresados do máster acadou un 42%, un ano despois, e mesmo no grupo de cotización universitario (64.3%), e ascende 2 anos despois ata o 67.7%, cunha porcentaxe dun 76.2% no grupo de universitarios. Polo tanto, consideramos que os

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

resultados existentes sobre inserción laboral son satisfactorios. Por outra banda, o informe dos **Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013, publicado en 2019**, en cuxa mostra se inclúe esta titulación, sinala no **resumo executivo** que un 46.5% dos titulados afirman que o seu traballo actual está bastante ou moi relacionado co máster que cursaron. Un 92.6% dos titulados traballaron desde a finalización do máster, dos cales un 61.1% comezou a traballar nun novo emprego e o 38.9% restante continuou no emprego que tiña antes de rematar o máster. Un 46.0% dos titulados valora o máster como bastante ou moi útil tendo en conta a súa traxectoria laboral e un 77.1% afirma que o volvería cursar se tivese que tomar novamente a decisión. Soamente un 11.2% dos titulados que traballa o fai por conta propia e o 88.8% restante traballa por conta allea. Un 36.9% dos titulados que está a traballar faino na Administración pública ou en empresas públicas, mentres que un 32.2% traballa en empresas privadas con máis de 50 empregados.

Por último, no que respecta a satisfacción do egresados da titulación o dato máis actualizado correspóndese co informe INF.09 para o curso 2021-2022. Os datos recollidos indican que, en conxunto, o alumnado egresado móstrase satisfeito con todos os aspectos, sendo a puntuación máis baixa para a formación práctica (cun 3.14 sobre 5) e as puntuacións mais altas para a formación teórica (3.81), a capacidade de análise (3.75) e os docentes (3.69). Non obstante, cabe indicar que este datos son a valoración media do total de egresados da USC e so un 1.85% das respostas se corresponden con alumnado egresado do MPTOXF.

**Máster Universitario en
Psicología do Traballo e as
Organización e Psicología
Xurídica-Forense**

3. MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organizacións e Psicología Xurídica-Forense Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	CARPETA E5
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non hai solicitudes de recoñecemento no curso 22-23
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4317014_P.Ind_2022-2023 4317014_INF.16_2022-2023

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

			4317014_INF.CiUG_2022-2023
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4317014_I2_2022-2023
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4317014_P.Ind_2022-2023
			5024_INF.03_2022-2023
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	https://www.usc.gal/gl
			https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais
			https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-psicologia-traballo-organizacions-psicologia-xuridica-forense
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade
			https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade/documentacion-sgc
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade
			https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade/documentacion-sgc
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade/documentacion-sgc

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4317014_P.Ind_2022-2023
			4317014_INF.04_2022-2023
			5024_INF.05_2022-2023
			4317014_INF.06_2022-2023
			4317014_INF.07_2022-2023
			4317014_INF.08_2022-2023
			4317014_INF.09_2022-2023
			5024_INF.10_2022-2023
			5024_INF.11_2022-2023
			4317014_INF.13_2022-2023
			4317014_INF.14_2022-2023
			5024_INF.21_2022-2023
			4317014_INF.22_2022-2023
			4317014_INF.23_2022-2023
4317014_Informe_de_indicadores_2022-2023			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4317014_P.Ind_2022-2023
			4317014_Informe_de_indicadores_2022-2023
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4317014_E15_2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5024_E16_2022-2023
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación,	Autoinforme, Criterio 4

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

		resultados, evolución, ...)	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5024_I6-17_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5024_I6-17_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4317014_INF.13_2022-2023
			4317014_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5024_I10_2022-2023
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/calidade https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais/equipamentos
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	https://www.usc.gal/gl https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais https://www.usc.gal/gl/usc/institucional/goberno/vicerreitoria-estudantes-cultura https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes Presentación - Oficina de Relacións Exteriores - USC
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	CARPETA E20
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	CARPETA I11
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin	CARPETA E24

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

		de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4317014_INF.15_2022-2023
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4317014_P.Ind_2022-2023
			4317014_INF.17_2022-2023
			4317014_INF.18_2022-2023
			4317014_INF.19_2022-2023
			4317014_INF_SIIU_2022-2023
			4317014_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4317014_P.Ind_2022-2023
			4317014_INF.CiUG_2022-2023
			4317014_Informe_de_indicadores_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	4317014_EIL-SIIU_2022-2023 4317014_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4317014_P.Ind_2022-2023 4317014_Informe_de_indicadores_2022-2023 4317014_MedUSC_cursocelda

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

PLAN DE MELLORAS

ACCIÓN DE MELLORA 1	
Código	MPTOXF-AMI
Orixe	Autoinforme de seguimento e reflexión da CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de mellorar a transparencia da información respecto aos procesos de Prácticas Externas do máster e do TFM
Definición/ descrición proposta	Elaboración dun protocolo de prácticas externas e dun procedemento e un regulamento de TFM
Datas	Setembro 2023 a xuño 2025
Estado/Eficacia	Iniciada
Responsables	Decano da facultade e Coordinadora do título
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Elaboración dun protocolo de prácticas externas no que se describa claramente o procedemento das mesmas (datas de solicitude e resolucións, listado de organismos de prácticas, sistema de elección). A evidencia de consecución é a publicación do protocolo ao comezo do curso académico 2024-2025.
Data prevista de finalización	Setembro de 2024
Responsable	Coordinadora do máster
Estado	Iniciada
Tarefa 2	
Descrición tarefa	Elaboración formal de (1) un procedemento de TFM e (2) un regulamento de TFM. <i>(1) Procedemento formal de TFM:</i> con este procedemento preténdese regular de maneira formal e máis transparente a convocatoria anual de TFM (datas e sistema de elección de TFM). A evidencia de consecución é a publicación do procedemento ao comezo do curso académico 2024-2025. <i>(2) Regulamento de TFM:</i> o obxectivo do regulamento é a elaboración de un documento que adapte o regulamento xeral da USC de TFM á casuística do máster. A evidencia de consecución é a aprobación do regulamento en xuño do 2025.
Data prevista de finalización	Xuño 2025
Responsable	Coordinadora do título
Estado	En execución

Máster Universitario en Psicología do Traballo e as Organización e Psicología Xurídica-Forense

ACCIÓN DE MELLORA 2	
Código	MPTOXF-AM2
Orixe	Autoinforme de seguimento e reflexión da CAM
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Baixa taxa de resposta nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado
Definición/ descrición proposta	Aumentar a taxa de resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción a través de 2 iniciativas co obxecto de alcanzar un mínimo dun 60% de participación.
Datas	Inicio: Novembro de 2024 - Finalización: Xuño 2025
Estado/Eficacia	Pendente de inicio
Responsables	Decano da Facultade e Coordinadora do Máster
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Enviar ao 100% do alumnado un correo electrónico no que se inste a cubrir as enquisas de satisfacción coa docencia recibida das diferentes materias e no que se explique a importancia de facelo. A evidencia de consecución é o envío dos correos electrónicos e o aumento efectivo da taxa de participación nas enquisas.
Data prevista de finalización	Xuño de 2025
Responsable	Coordinadora do título
Estado	Pendente de inicio
Tarefa 2	
Descrición tarefa	A través dos representantes do alumnado de máster, realizarase un recordatorio e informarse ao 100% do alumnado sobre a importancia e as implicacións da realización das enquisas de satisfacción. A evidencia de consecución é proporcionar a información ao 100% do alumnado e o aumento efectivo da taxa de participación nas enquisas.
Data prevista de finalización	Xuño 2025
Responsable	Coordinadora do título
Estado	Pendente de inicio